

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DE XANEIRO DE 2022

EXPEDIENTE GD: 531/2022

ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, en cumprimento do acordo plenario de organización da Corporación Local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias (Pleno 02.07.2019), **RESOLVO:**

Primeiro. Convocar **sesión ordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves 27 de xaneiro de 2022, no Salón de Plenos do Concello, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas).

A Xunta de Voceiros do 16.09.2021 acordou que as sesións dos plenos, dada a mellora da situación sanitaria naquel momento, volverán a ser presenciais. Porén o empeoramento actual da situación sanitaria aconsella non pechar a posibilidade de modificar a forma de celebración do pleno que podería ser mixta ou, incluso, telemática. Dada a situación actual, a sesión celebrárase de forma mixta, ca presenza do alcalde, dos voceiros/as dos grupos e dos funcionarios/as que sexan precisos, e a asistencia telemática do resto dos integrantes do pleno.

A) PARA DAR CONTA:

Punto primeiro. Dar conta ao pleno da corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

Punto segundo. Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 28.12.2021).

Punto terceiro. Ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 30.12.2021, de desistimento do expediente de licitación de servizo de limpeza integral nas instalacións municipais e centros educativos do Concello de Ames (3 lotes), aprobado polo Pleno en sesión do 25.11.2021.

Punto cuarto. Adhesión á declaración de Valladolid. O compromiso das cidades pola economía circular.

Punto quinto. Adhesión á Rede de Cidades e Comunidades Amigables coas Persoas Maiores.

Punto sexto. Aprobación inicial do Regulamento da política de seguridade da información do Concello de Ames.

Punto sétimo. Modificación do sistema de prórrogas do contrato asinado con Servizos Sociais Ulla Sar SL, para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Ames.

Punto oitavo. Primeira prórroga do contrato do servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Ames, polo prazo de 6 meses.

Punto noveno. Adxudicación do expediente de licitación por procedemento aberto varios de adxudicación tramitación anticipada e suxeito a regulación harmonizada do servizo de limpeza viaria e xestión de puntos limpos.



Punto décimo. Proposta que presenta o grupo municipal Popular do Concello de Ames para esixir ao presidente do goberno de España o cesamento inmediato do ministro de consumo polos seus ataques á gandería e ao sector cárnico español.

C) MOCIÓNS:

D) PARA CONTROL DO GOBERNO:

Punto décimo primeiro. Rogos e preguntas.

Segundo. Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria. Non obstante, a documentación será remitida vía telemática os señores concelleiros/as xunto coa convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditálos con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro. Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde
José Blas García Piñeiro

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

